

GAÑADOR DO I PREMIO 'FUNDACIÓN CAIXA GALICIA' DE LITERATURA XUVENIL

Jaureguizar: "Os mellores novelistas deste país escriben literatura xuvenil"

A [Santiago Jaureguizar](#) (Bilbao, 1965) poucos premios lle faltan por gañar. Entre outros levou o Xerais no 2003 con *Casa Skylab*, ambientada na comuna de Negueira de Muñiz, e o García Barros no 2005 con *Cabaret Voltaire*, que viaxaba até o Berlín dos anos 30. Estes escenarios volven a A cova das vacas mortas, a novela coa que o escritor vén de acadar o I Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil, xénero no que milita e no que confía para darlle forza á narrativa galega, e ceibarse da "tara" que para el supón o "idolatrar o estilo e mais a lingua".

- 14:56 14/06/2006

Dicías no discurso que odiabas que os xornalistas che preguntasen de que vai a novela. De que vai a novela?

Como sodes periodistas, non traballades nada... A novela conta a historia dun rapaz que vive no que foi unha comuna *hippy* nos Ancares de Lugo coa súa nai que é alemana. Ao comezo da trama o seu avó, que vive en Berlín e ten *alzheimer*, vai vivir con eles á aldea de Foxo, Negueira de Muñiz. O vello chega á aldea coa maleta chea de películas dos anos 30 e conta que foi cámara con Leni Riefensthal. A versión da súa filla é que non, que foi acomodador dun cine e que por iso ten estas películas. Así arrinca a novela, que trata do compromiso -ou da ausencia del- de certa xente cando ve que hai unha barbarie colectiva ao seu redor, da xente que non se implica, a que di que eu non sabía o que estaba pasando. Pasoulle á propia Riefensthal, que despois de filmar milleiros de metros de película con asuntos relacionados cos nasis dicía que ela non sabía nada. Tampouco condeno esa actitude, en certo modo véxoa lóxica porque se cadra eu nesas condicións faría o mesmo. Pero tamén falo de coherencia, de que se ti tiveches esa covardía lóxica, logo non prediques o contrario.

Afirmaches tamén que "a novela fala do compromiso nun tempo no que si era importante estar comprometido". Agora non?

Penso que agora estar comprometido nunha sociedade como a que vivimos nós, con amplas liberdades e con benestar económico e social tan grande ao mellor non é tan importante como podería ser nos anos 30 en Alemaña ou no 36 en Galiza. Creo que si é importante estar comprometido pero que non ten moito que ver este compromiso de ONGs que temos agora, o que nos fai darlles cartos ás ONGs para que fagan cousas ou manifestarnos unha vez ao ano para que non talen determinada carballeira, co compromiso de cando estaban asasinando xente en masa.

Cando se fala de compromiso é un concepto que se adoita asociar a certa mensaxe ou discurso moral, e aquí aínda sería máis sospeitoso tratándose dunha novela xuvenil. Hai algo diso?

Eu nunca fago novelas con moral nin con moralina, odio ese tipo de novelas e nunca dou receitas éticas, en primeiro lugar porque eu son o primeiro que non as cumpre. Así que non é unha novela xuvenil ao uso, porque si é certo que as novelas chamadas para rapaces de hoxendía son moi de catequese, de orientar nos valores morais. Eu non fago iso, na novela teño un rapaz que está moi perdido, cunha nai consumidora cotiá de drogas, cun pai que non sabe quen é, cun avó con alzheimer ao que lle ten que cambiar o cueiro a cada pouco e que encima foi naci... el atópase un pouco perdido no medio de todo isto, de moitos conflitos morais. pero eu non dou normas de comportamento moral porque creo que tampouco é esa a función da literatura. Para iso están os libros de ética.

Está ambientada en Negueira de Muñiz, un concello que supoño que coñeces ben por cercanía e polo teu traballo. Volviches alí para escribir a novela?

Negueira é un sitio no que eu fixen moitas reportaxes, sobre todo dende que souben que había unha zona do concello na que o único medio de transporte eran as lanchas, así pasaba até hai moi pouco tempo. Unha vez asistín alí a unha discusión a berros porque un dos que discutían perdera un remo. Eu pensei que perder un remo non tería maior importancia, pero vivindo alí se se perde un remo é un drama, porque non teñen a onde ir por outro, sen o propio remo non poden saír dalí. En Negueira e Foxo fun atopando personaxes e sitios que me chamaron moito a atención. Despois de ambientar *Casa Skylab* alí nesta novela volvíñ utilizar o sitio porque me parecía que servía para falar dun rapaz cunha vida que non tivese que ver moito coas do resto de rapaces da súa idade, que pode haber en vilas ou en cidades, e logo porque nesa aldea hai un componente internacional que me interesa moito: hai alemáns e hai ingleses, que conservan aínda a lingua cos seus fillos... gustábame ese ambiente porque quería relacionalo coa historia de Berlín e dos naxis, parecíanme dous mundos totalmente contrapostos: o mundo da orde paramilitar dos naxis e o mundo do caos feliz dos *hippies*.

Logo de Cabaret Voltaire e desta xa te podemos acusar de xermanofilia? De onde vén?

Si, totalmente. Alemaña é un país que sempre me interesou moito, pareceume unha sociedade moi civilizada. Sorprendeume moito, estando alí, que nunca saltan unha cola, por exemplo, algo impensábel en Galiza. Os alemáns atraenme porque son xente moi ordenada, coas cousas moi claras, moi disciplinada, e sobre todo por ese lema de inicio, o de *se hai unha vontade hai un camiño*, logo utilizado polos naxis, cos que obviamente non simpatizo. Pero si simpatizo con esa visión do mundo na que todo é posíbel con esforzo.

Á xente chámalle a atención a aparición de Leni Riefensthal na novela...

Si, e algúns até me preguntaban se os rapaces ían entender quen era Leni Riefensthal. O meu papel neste libro é efectivamente contarlles aos rapaces, que non teñen por que sabelo, quen era esta muller. Ademais foi unha señora cunha vida interesantísima, viviu cen anos -aínda morreu hai pouco- foi pioneira na realización cinematográfica, logo a partir do 52 empezou a ir a África a vivir alí cos nubas. Tamén empezou a facer submarinismo non sei se con 50 ou 60 anos... dende logo é unha muller cunha vida fascinante.

E a poucos lles sorprendeu que ti gañaras este premio de literatura xuvenil tendo en conta que es dos escritores con mais vontade de escribir para a xente nova. Ou sen ela, sodes poucos os que o facedes.

Para min ser o primeiro que gaña o premio xa é moi importante, xa que ademais levo tempo pedindo que se creasen premios de literatura para rapaces, que efectivamente creo que é un tramo de idade que non temos moi cuberto. Certo que está pouco cuberto pero polos mais grandes: Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo, Paco Martín... temos aí os mellores escritores. E eu son escritor para rapaces sen complexos porque vin que estes autores tamén o eran. E de feito defenden as súas obras con toda naturalidade. Sempre planea esa sensación de que os escritores para rapaces tivesen algun tipo de tara ou non soubesen escribir outra cousa. Eu sempre defendín a literatura de xénero -por iso valoro tamén moito o premio Xerais para Ameixeiras, porque é un autor de xénero- e tamén espero que se cumpra o anuncio que comentei hoxe de que se vai convocar outro premio de literatura xuvenil. Penso que temos moita falta: temos moita literatura

para adultos e moita para nenos, pero fáltanos ese tramo de idade. Tal vez é que os editores non se atreven porque é un público complicado, nunca sabes se estás sendo paternalista con eles ou te estás pasando do contrario, de intentar ser coma eles. A min sempre me custa bastante dar co ton.

Aínda así es dos autores que máis novela xuvenil ten publicada. Tes pensado continuar?

Si, con esta debo levar 5 ou 6 publicadas, e teño comprometidas outras dúas para o verán. Penso continuar porque este tipo de novelas teñen dous elementos que me interesan moito da literatura en xeral: ritmo e intriga. As de rapaces son propicias para iso porque é o que os lectores piden. Se fas novelas para adultos centrándote neses elementos sempre recibes moitas críticas, porque aí está moi idolatrado o estilo e a lingua, son taras que temos de sermos literatura que está empezando aínda, a pesar de levar 40 ou 50 anos tentando normalizarse, no sentido de que as literaturas cando están empezando están protagonizadas por contistas e por poetas. Que cando se pasan a facer novelas seguen pensando que as técnicas e as estruturas son as mesmas, e non teñen nada que ver. Por iso temos este problema de que a xente considera que as novelas boas son as que teñen un estilo bo, e iso non ten nada que ver: son exercicios de prosa poética, non son novelas. Temos moi poucos novelistas bos neste país por iso. E algúns dos mellores son eses dos que falaba antes, os que escriben literatura xuvenil.

Ti es dos que avogan pola profesionalización do escritor, e con tanto premio pouco che debe faltar... cando te quitas de traballar?

Cando me faga unha vasectomía para deixar de ter fillos (ri), porque acabo de ter outro e os nenos son maravillosos pero teñen o problema de que comen 3 veces ao día. E cando son pequenos teñen o problema engadido de que gastan moito en cueiros. Se me deixas quixera denunciar o prezo dos cueiros, e apoiar a iniciativa de CiU na que propuxera subvencionarlos, xa que iso vai permitir que moitos escritores galegos nos profesionalicemos.

E que sigades procreando, claro.

Si, eu quero seguir procreando. Entón nunca serei profesional.